



Resolución do 7 de agosto de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), pola que se convoca a participación no proxecto RADIO NA BIBLIO, para a introdución da radio nas bibliotecas escolares dos centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que acollan ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, tanto en réxime ordinario como de Aprendizaxe Permanente, ou Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2024/25.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de Educación, establece, no seu artigo 1, como un dos principios básicos que inspira o sistema educativo, o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 113 da devandita Lei fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que contribuirá a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuir a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura.

As bibliotecas son, pois, instrumentos dos centros educativos ao servizo das competencias clave e como tales poden albergar propostas moi diversas que favorezan o desenvolvemento de contidos curriculares de forma transversal ou interdisciplinaria, que conecten distintas áreas de aprendizaxe, que impulsen prácticas metodolóxicas activas e faciliten, así, a adquisición destas competencias clave, incluída a competencia dixital no seu máis amplo significado.

Especificamente, as bibliotecas escolares teñen entre os seus obxectivos o de favorecer a alfabetización múltiple, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata o momento, e que aparece recollido no documento de referencia do Consello da Unión Europea (2012): *Conclusiones do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples. DOUE*. Defínese a alfabetización múltiple como a "*comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica*", abundando en que esta "*competencia é esencial para a vida*" e que "*é a porta cara ao resto das aprendizaxes*".

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional continúa no seu Plan LÍA 2021/25 de Bibliotecas Escolares co desenvolvemento de novos ámbitos de actuación para este período, contemplando o reforzo dos programas que inciden na *Alfabetización mediática e informacional* do alumnado como *Radio na biblio* con propostas que promovan o coñecemento e un uso responsable da información en múltiples formatos.

A posta en marcha dunha emisora de radio nun centro educativo proporciona múltiples oportunidades para o desenvolvemento de competencias clave a través de tarefas complexas que involucran diversas habilidades e destrezas, permitindo o tratamento de contidos curriculares mediante metodoloxías activas, como veñen demostrando diversas experiencias diseminadas polo territorio galego. A radio ten demostrado a súa potencialidade no ámbito





educativo con anterioridade, pero as actuais tecnoloxías da información e da comunicación facilitan a súa utilización como ferramenta pedagóxica de gran alcance. Sumadas as posibilidades da radio á biblioteca escolar configurada como "centro creativo das aprendizaxes", poden xerar unha importante dinámica de comunicación, de apoio aos proxectos do centro, de difusión dos produtos culturais e das investigacións elaboradas polo alumnado. Cando a biblioteca incorpora un "laboratorio de radio" pode, así mesmo, impulsar novos proxectos de carácter interdisciplinario, vinculados á educación para as competencias en información e medios.

Tras sete convocatorias do programa "Radio na biblio" e a súa implantación en 195 centros educativos, obsérvanse excelentes resultados pola motivación que supón este medio para o alumnado e as oportunidades que abre para as bibliotecas á hora de ampliar e diversificar o tipo de proxectos colaborativos ou de actividades de carácter interdisciplinario que poden deseñar, cun enfoque comunicativo e de reforzo das competencias clave como horizonte.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección xeral,

RESOLVE:

Apartado 1. Obxecto

1. Esta convocatoria ten por obxecto convocar a selección de novos centros docentes públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para participar no proxecto "Radio na Biblio" durante o curso 2024/25.

Ademais darase continuidade aos centros integrados en convocatorias precedentes nas condicións establecidas nesta convocatoria.

2. Así mesmo, ten por obxecto desenvolver o proxecto Radio na Biblio para estimular o desenvolvemento do modelo de biblioteca cara "centros creativos de aprendizaxes" e promover a creación de emisoras/laboratorios de radio no contexto destas bibliotecas escolares co fin de favorecer proxectos de educación das competencias informacionais e mediáticas do alumando.

Búscase igualmente, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. O laboratorio de radio na biblioteca escolar poderá estar asociado a un programa de voluntariado na biblioteca, no caso de que o equipo docente así o decida.

Apartado 2. Destinatarios

1. Seleccionaranse 30 bibliotecas escolares para a súa participación no Proxecto Radio na biblio durante o curso 2024/25.





2. Poderán participar neste proxecto bibliotecas de centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2023/2024 que matriculen alumnado de ensino infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou formación profesional tanto en réxime ordinario como Aprendizaxe Permanente, ou Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas.
3. Non poderán participar os centros que se incorporan ao PLAMBE en 2024, pois no primeiro curso dentro do programa cómpre centrar a actividade na consolidación do modelo de biblioteca segundo os obxectivos presentados no seu proxecto, naqueles aspectos que son esenciais (xestión técnica, coidado da colección, melloras en mobiliario e equipamentos, deseño de actividades e programas de lectura e de educación en información, entre outras).
4. Os 195 centros integrados xa no programa, deberán solicitar a súa continuidade, se así o deciden.

Apartado 3. Financiamento

1. Os centros de nova incorporación recibirán unha contía máxima de 2000€ destinada á posta en marcha do proxecto e das actuacións que supoña, nas que se inclúe a realización dun obradoiro de formación para o alumnado que se considere, tendo en conta que se poderá reservar, na mediada que sexa posible, para a formación un máximo do 40% do total da asignación.
2. Os 195 centros integrados xa no programa, que soliciten a súa continuidade, recibirán, cando a memoria de actividades do curso anterior acade unha valoración positiva, unha asignación de 500€ para a realización de obradoiros de formación específica, en materia técnica para o funcionamento da emisora de radio, a elaboración de producións radiofónicas ou o desenvolvemento de competencias mediáticas a través da radio; tamén poderán versar sobre lectura expresiva ou mellora da expresión oral. Estes obradoiros estarán destinados ao alumando que o centro decida.
3. A través da aplicación orzamentaria **10.06.423A.640.10**, do orzamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, destinada a programas de atención á biblioteca escolar para o ano 2024, asignaranse as contías correspondentes por un máximo global de **157.500 €**.

Apartado 4. Solicitudes e prazos

1. Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>
2. A solicitude deberá ser presentada pola persoa responsable da dirección do centro e a súa presentación implicará que se aceptan as bases da convocatoria e que son certos os datos indicados na documentación achegada. A persoa responsable da biblioteca poderá crear e editar a solicitude pero non presentala.





3. O prazo para a presentación de solicitudes para nova incorporación ou para continuidade, será de quince días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no portal educativo
4. A non presentación da solicitude de continuación considerarase como unha renuncia á participación no programa.

Apartado 5. Requisitos e compromisos do centros e profesorado participante

1. Os centros interesados deberán estar integrados no *Plan de mellora de bibliotecas escolares* no curso 2023/24 tal como se recolle no apartado 2, punto 3 desta convocatoria.
2. A persoa responsable da biblioteca en cada centro deberá coordinar e garantir a integración desta iniciativa na programación anual da biblioteca escolar, coa colaboración imprescindible do equipo de biblioteca ou doutro profesorado do cadro docente.
3. Aqueles centros que soliciten o reingreso no programa Radio na biblio na presente convocatoria, pero xa tivesen formado parte do programa e causado baixa anteriormente por diferentes razóns, poderán ser seleccionados sempre que acaden a valoración suficiente e sempre que transcorrese un mínimo de catro anos desde a data da baixa.
4. Os centros comprométense, no caso de resultaren seleccionados, a contribuír coas súas valoracións á elaboración dun informe, por parte da Asesoría de bibliotecas escolares, sobre as posibilidades que ofrece un laboratorio de radio vinculado á biblioteca escolar.

Apartado 6. Criterios de selección

Os criterios de selección serán os que seguen:

- Valoración acadada pola memoria da biblioteca do pasado curso 2023/24. Terán prioridade aqueles centros que presentan unha actividade media-alta.
- Localización: tendo en conta o anterior, procurarase unha distribución equilibrada polo territorio galego; ademais, un mínimo dun terzo das prazas dispoñibles destinaranse a centros situados en concellos de ámbito rural.
- No caso dos centros de continuidade, valorarase a memoria de actividades do proxecto Radio na biblio no curso 2023/24, que deberá resultar positiva, así como a memoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, tamén do curso 2023/24.

Á vista desta proposta da comisión a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa resolverá a convocatoria. Esta resolución será publicada por esta Dirección Xeral no Portal Educativo e comunicada por correo electrónico a todos os centros solicitantes.

Apartado 7. Comisión de valoración

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal





1. Baixo a presidencia da Subdirectora Xeral de Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:
 - A persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
 - A persoa titular do Servizo de Apoio Económico ou persoa en quen delegue.
 - As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Unha delas actuará como secretaria.
2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaboración na valoración das solicitudes.
3. Esta comisión constitúese como órgano colexiado creado expresamente en virtude desta Resolución e cuxas funcións son as de instruír todo o procedemento, avaliar e seleccionar os proxectos presentados ao abeiro desta convocatoria co fin de seleccionar aqueles que se distinguan pola súa calidade, viabilidade e compromiso da comunicada educativa.

Apartado 8. Resolución provisional

1. A comisión de valoración, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional coa selección de 30 centros para a participación neste programa, así como a proposta de continuidade dos centros que o soliciten. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).
2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión. As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "Radio na Biblio". Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Apartado 9. Resolución definitiva

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral





de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes, tanto de nova incorporación como de continuidade.

2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 10. Desenvolvemento do proxecto

As bibliotecas seleccionadas programarán, segundo o seu contexto, a posta en marcha do laboratorio de radio, no seu caso, así como a formación que se inclúe no proxecto para o alumnado que o equipo de biblioteca propoña e, tamén, a integración desta iniciativa na programación xeral da biblioteca.

Os centros contarán co apoio da Asesoría de bibliotecas escolares, que orientará o seu desenvolvemento e poñerá á súa disposición recursos de apoio, así como propostas de posibles relatorios, entre as que os centros deberán elixir á vista da documentación remitida, co fin de garantir que a formación sirva ás finalidades do programa.

Artigo 11. Pagamento

As cantidades asignadas por esta convocatoria serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico de 2024. Poderán xustificarse gastos con cargo ás asignacións percibidas ao abeiro desta convocatoria con data desde o 1 de setembro de 2024. O gasto non realizado antes de remate do ano, incorporárase ao orzamento do centro do ano 2025 de acordo co establecido no artigo 5º, apartado h) do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG de 4 de abril). Tomarase como data final para efectuar o gasto 10 de xullo de 2025.

Apartado 12. Avaliación da participación no programa

1. As bibliotecas participantes deberán entregar ao finalizar o curso, unha breve memoria das actividades desenvolvidas, segundo o modelo dispoñible na aplicación (máximo de 2 páxinas e até 5 imaxes anexas).





2. Así mesmo, achegarán unha produción sonora elaborada polo alumnado no contexto do proxecto Radio na biblio, acompañada dunha descrición do proceso debidamente documentado (contexto, contido, tarefas, guión, participantes...), para a súa difusión nun espazo web específico que se creará a tal efecto.
3. Tamén enviarán a xustificación económica segundo o Anexo I, que deberá ser aprobada polo Consello Escolar, (modelo facilitado na aplicación) e as facturas correspondentes.
4. Non enviar a memoria, así como non realizar a xustificación de gasto no prazo sinalado, será causa de revogación das cantidades asignadas e o centro deberá proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle puidesen esixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos programas ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, dará lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.
5. A data límite de entrega da memoria e da xustificación do gasto será o 10 de xullo de 2025.
6. Toda esta documentación deberá remitirse a través do seguinte enderezo: <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>
7. Coa mesma data cubrirase o formulario web para recoller datos de valoración do proxecto que lles será remitido, coas instrucións pertinentes de ser o caso, desde esta Dirección Xeral e a través da Asesoría de bibliotecas escolares.

Apartado 13. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CC BY-NC-SA



Creative Commons CC BY-NC-SA

Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

As bibliotecas integradas en Radio na biblio deberán sinalizar os espazos destinados ao laboratorio de radio co logo do programa.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do Proxecto Radio na Biblio, nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa utilización do logo do programa, que deben descargar no enderezo

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1690>

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA
Complejo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal





1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa





ANEXO I

DOTACIÓN PARA ACTIVIDADES DO PROXECTO RADIO NA BIBLIO, ao abeiro da convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, na que se incentiva o funcionamento desta iniciativa en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que acollan ensinanzas de educación infantil e primaria, integrados no Plan de Mellora de bibliotecas escolares no curso 2024/25	XUSTIFICACIÓN DO GASTO
---	-------------------------------

Nome do centro		Código do centro	
Enderezo		Localidade	
Código Postal	Concello	Provincia	Teléfono

A. INGRESOS

Cantidade total asignada A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: o desenvolvemento do proxecto Radio na biblio , durante o curso 2024/25. <u>Reemitirase copia simple de facturas</u> . Os orixinais correspondentes arquivaranse no centro.	_____ €
---	---------

B. GASTOS

Relación de facturas		
Nº da factura	Provedor	Importe
TOTAL GASTO		

Don/Dona, en calidade de presidente/a do Consello Escolar do Centro, **CERTIFICA:**

Que as facturas que se detallan corresponden a gastos necesarios para o desenvolvemento do proxecto denominado **Radio na biblio**, e que se detallan na memoria perceptiva.

En a de de 2025

O/A Presidente/a do Consello Escolar

Asdo.:

